

ACTA Nº 44/10

SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL REALIZADA O DÍA 2 DE NOVEMBRO 2010

Asistentes:

CONCELLEIROS:

D. Arturo González Pérez.
D. Victor Pastoriza Lino
D. Valentín Piñeiro González.
Dona Libertad Cruz Couso
D. Daniel Rodas Chapela.

Secretario: Carlos Piñeiro Sarmiento

Na casa do Concello de Moaña, o 2 de novembro de 2010, reúnense as devanditas persoas baixo a presidencia do señor alcalde, D. Xosé Manuel Millán Otero, asistidos por min, o secretario, coa finalidade de realizar a sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local, anunciada para o día de hoxe ás 18:30 horas, en primeira convocatoria.

A Presidencia declara aberta a sesión ás 18:35 horas.

1.- APROBACIÓN, SE É O CASO, DA ACTA ANTERIOR.

Dáse conta dos borradores das actas das sesións ordinarias da Xunta de Goberno Local números 40 e 41/10, correspondente ás sesións do 4 e 13 de outubro de 2010.

A Xunta de Goberno Local, en votación ordinaria e por unanimidade das persoas asistentes, acorda aprobalas.

2.- DACIÓN DE CONTAS DE RESOLUCIÓNS APROBADAS POR AVOCACIÓN.

Dáse conta que nas resolucións nºs 523/10, do 27 de outubro de 2010, e na 534/10, do 29 de outubro, a Alcaldía avocou a competencia delegada á Xunta de Goberno para recoñecer a obriga co obxecto de conceder unha axuda de supervivencia, na 523, e para ordenar a realización de horas extraordinarias a dous policía locais na 534.

A Xunta de Goberno Local queda enterada.

3.- LICENZAS DE OBRAS

Vistos os expedientes instruídos a instancia das persoas interesadas que de seguido se relacionan e examinado o informe do técnico municipal, a Xunta de Goberno Local, en votación ordinaria e por unanimidade das persoas asistentes, acorda conceder a licenza

de obra, que será efectiva, no seu caso, a partir da licenza de primeira ocupación, deixando a salvo os dereitos de propiedade e sen prexuízo de terceiros e, con circia subxección aos condicionamentos establecidos nos devanditos informes, e tras o pagamento das taxas correspondentes.

3.A) EXPTE. 171/06 – PROMOCIONES DEL NOROESTE AMOFRE, S.L. presenta proxecto de adición dunha segunda planta de garaxes ao inicial para o que se lle concedeu licenza para un edificio de 11 vivendas, locais comerciais e garaxes, no plan parcial “Rosal Sur”, bloque 6, parcela A, redactado polo arquitecto D. Luis Manuel Sarasquete Otero,

Dáse conta do informe do aparelador municipal do día 29 de outubro de 2010, que literalmente di:

ASUNTO: EDIFICIO DE 11 VIVENDAS, LOCAIS COMERCIAIS E GARAXES
INFORME: Procede licenza.

Non proceden informes sectoriais.

A proposta presenta a adición de unha segunda planta de garaxes non incluída na licenza primitiva e un estado final das obras aos efectos da obtención da licenza de primeira ocupación.

Liquidación provisoria de tributos

Complementaria ICIO 3.204,18 €

3.B) EXPTE. 274/05 – D^a MARÍA YOLANDA PIÑEIRO RÍOS. presenta proxecto modificado de vivenda unifamiliar na finca Cocho, A Paradela s/n, redactado polo arquitecto D. Juan Fernández Rivas e visado o 27.08.10.

Dáse conta do informe do aparelador municipal do día 27 de outubro de 2010, que literalmente di:

ASUNTO: MODIFICADO EN VIVENDA UNIFAMILIAR
INFORME: Procede licenza para modificado de proxecto con expte. 274/05.

Non require informes sectoriais.

Queda reformado o proxecto inicial segundo documentación adxunta visada polo COAG con data de 27 de agosto de 2010.

Liquidación provisoria de tributos

Complementaria ICIO 458,01 €

Complementaria taxas licenza..... 57,25 €

3.C) EXPTE. 06/10 – D. ÓSCAR GONZÁLEZ SANTOMÉ presenta proxecto básico e de execución de rehabilitación dunha vivenda xa existente no barrio da Paradela nº 23 A, redactado polo arquitecto D. Gumersindo Vázquez Gómez, visado o 5 de febreiro de 2010.

Dáse conta do informe do aparelador municipal do día 27 de outubro de 2010, que literalmente di:

ASUNTO: BÁSICO E DE EXECUCIÓN DE REHABILITACIÓN DE VIVENDA (O. MAIOR)
INFORME TÉCNICO: Procede licenza por resultar compatible coa normativa urbanística.

O peticioario solicita a excepcionalidade de cumprimento das condicións de habitabilidade reguladas no Decreto 29/2010, de 4 de marzo polo que se aproban as Normas de Habitabilidade das Vivendas de Galicia. Atendendo ao disposto no artigo 8º relativas a actuacións en edificacións existentes, a presente proposta tipifícase como A.A.5, obras de rehabilitación, máis concretamente como obras de remodelación de vivenda que son aquelas executadas dentro dos límites da vivenda orixinal e teñen por obxecto a variación da distribución interior desta para adecuala as necesidades dos usuarios, mellorar as condicións relativas os requisitos básicos do CTE ou mellorar as condicións de accesibilidade.

No expediente consta a acta de replanteo para o sinalamento da alineación, fixación de cesións e fianza subscrita polo arquitecto técnico municipal con data de 8 de abril de 2010 para ordenanzas 1 das NN. SS de planeamento municipal

Non require informes sectoriais.

Cédese 0,00M/2 , resultado de aplicar a afección do sistema viario sobre a parcela co obxecto de incorporalo a este.

Constitútese fianza por un importe 0,00 euros, contía que responde os gastos de urbanización simultánea a acometer polo peticionario.

Superficie de parcela según medición técnica ascende a 273,65 metros cadrados.

No expediente consta o estudo básico de seguridade e saúde.

A eficacia desta licenza condiciónase a ter rematadas as obras de edificación e urbanización simultánea en prazo; para recibir estas últimas polo Concello e facultar a conexión coas infraestruturas correspondentes levaranse a cabo obtendo a licenza de primeira ocupación antes do primeiro uso.

Notas para o informe xurídico:

A presente licenza aplícaselle o disposto na Lei 9/2002, disposición transitoria primeira 1.b) por ser solo urbano con planeamento aprobado ao abeiro da Lei 11/1985, polo tanto, non adaptado a Lei 1/1997 por reunir as condicións do artigo 12.a) da Lei 9/2002 para a condición de soar.

Liquidación provisoria de tributos

Imposto s/construción	1.851,14 €
Taxas licenza urbanística	165,28 €
Cartel	110,00 €

4.- LICENZA DE OBRAS ASOCIADA A UNHA DE ACTIVIDADE

EXPTE. 25/10 – D.ª CRISTINA MARTÍNEZ CALVAR presenta proxecto de acondicionamento de local comercial para a venda e degustación de produtos de panadería e pastelería na rúa As Barxas, 10, local nº 13, do barrio do Redondo, redactado pola enxeñeira técnica industrial D.ª Ana Mª Cruz Carro, visado o 11.03.2010.

Dáse conta do informe do aparelador municipal do día 28 de outubro de 2010, que literalmente di:

ASUNTO: LICENZA DE OBRAS E ACTIVIDADE PARA VENDA E DEGUSTACIÓN DE PRODUTOS DE PANADERÍA E PASTELERÍA.

INFORME: **Procede licenza de obras e actividade** destinada a **venda e degustación de produtos de panadería e pastelería** de acordo co proxecto técnico.

O apartado 3 do Artigo 22 do Regulamento de Servizos das Corporacións Locais –Decreto de 17 de xuño de 1955- especifica que con arreglo ao proxecto presentado, a edificación dun inmovible se destinará a establecemento de características determinadas, non se outorgará a licenza de obras sen o outorgamento da licenza de apertura se fose procedente.

Abondando na cuestión, o apartado 2 do artigo 196 da Lei 9/2002, reformada pola lei 15/2004 de Ordenación urbanística e Protección do Medio Rural de Galicia nos afirma que nos supostos que esixan licenza de actividade ou apertura e, ademais, licenza urbanística, serán obxecto dunha soa resolución, sen perxucio da formación e tramitación simultánea de pezas separadas de cada intervención administrativa.

A ordenanza de usos das NN. SS de Planeamento municipal resulta compatible.

No expediente consta informe favorable da Consellería de Sanidade

A Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza fixa o aforo para 23 persoas non imponen condicionamentos a licenza

Dado a existencia de informes sectoriais doutras administracións concorrentes no espazo do expediente de actividade e sendo que a proposta de resolución da solicitude de licenza de actividade clasificada ou de apertura ten prioridade sobre a correspondente licenza urbanística, resolta a tramitación da actividade deste expediente débese outorgar licenza conxuntamente coa licenza urbanística de obras.

Rematadas as obras deberá presentar o certificado final de obra do facultativo encargado das mesmas e certificación acústica emitido por entidade homologada; os servizos municipais supervisarán a instalación antes da posta en funcionamento e apertura da mesma.

Liquidación provisoria de tributos

Imposto s/construción	249,61 €
Taxas licenza urbanística	65,00 €
Cartel	110,00 €

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade das persoas asistentes e á vista do informe do técnico e do secretario municipal, deixando a salvo os dereitos de propiedade e sen prexuízo de terceiros e, con circia subxección aos condicionamentos establecidos nos devanditos informes existentes no mentado expediente, e tras o pagamento das taxas correspondentes, acorda:

PRIMEIRO: Outorgar licenza de actividade que solicita D^a CRISTINA MARTÍNEZ CALVAR para a actividade de VENDA E DEGUSTACIÓN DE PRODUTOS DE PANADERÍA E PASTELERÍA.

SEGUNDO: Outorgar a licenza urbanística para as obras de “ACONDICIONAMENTO DE LOCAL COMERCIAL DESTINADO Á VENDA E DEGUSTACIÓN DE PRODUTOS DE PANADERÍA E PASTELERÍA. A licenza urbanística determina o devengo do Imposto sobre Construcións, Instalacións e Obras, e en consecuencia, apróbase a liquidación provisional do Imposto de Construcións, Instalacións e Obras, de conformidade co orzamento incluído no proxecto presentado, polas cantidades arriba referidas.

TERCERO.- Non poderá comezarse a exercer a actividade mencionada en tanto non se conceda a LICENZA MUNICIPAL DE APERTURA E POSTA EN FUNCIONAMENTO que deberá solicitar o interesado, declarando a execución das obras de conformidade cos termos desta Licenza, acompañando á petición, certificado do Técnico Director das obras ou instalacións en que se especifique a súa conformidade cos termos desta Licenza, sen prexuízo de que todo o anterior sexa corroborado polo arquitecto técnico municipal a cuxo efecto levantará Acta de Comprobación.

5.- LICENZAS DE PRIMEIRA OCUPACIÓN

5.A) O representante de FUXONTIR, S.L. solicita licenza de primeira ocupación para **a vivenda 1** das dúas vivendas unifamiliares en fileira situadas no barrio da Ribeira - Meira, pertencente á licenza de obra expte. nº 67/07, concedida pola XGL en sesión de data 27.04.2007.

Considerando que a dito escrito engádeselle a documentación esixible para o trámite de licenza de primeira ocupación, e visto o informe do arquitecto técnico municipal de data 25 de outubro de 2010 que di:

ASUNTO: SOLICITUDE DE LICENZA DE PRIMEIRA OCUPACIÓN

INFORME: **Procede informar favorablemente a solicitude de Licenza de primeira ocupación.**

A solicitude obxecto deste informe presenta a seguinte documentación:

- Copias dos recibos da taxa de licenza urbanística e liquidación provisional do imposto de construción, xustificantes do pago das taxas polos conceptos de Conexión ós sumidoiros.
- Certificado final de obra, conforme a obra foi rematada segundo o proxecto aprobado e a documentación técnica que o desenvolve, asinado polo arquitecto técnico D. Raúl Rey Fandiño, o día 14 de setembro de 2010, e visado polo Colexio Oficial de Arquitectos Técnicos de Pontevedra o día 17 de setembro de 2010; asinado polo arquitecto D. José Manuel Pastoriza Rodas o día 14 de setembro de 2010, e visado polo Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia o día 29 de setembro de 2010.
- Fotografía e planos do estado final da obra rematada e acordos coa licenza adxudicada.

- Copia de declaración simplificada de alteración de bens inmuebles de natureza urbana. Modelo 902-N.

Liquidación provisoria de tributos

Licenza primeira ocupación 130,00 €

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade das persoas asistentes, acorda conceder a licenza de primeira ocupación para a vivenda unifamiliar en fileira nº 1 situada na Ribeira s/n-Meira, dimanante da licenza en expte. nº 67/2007, á súa promotora FUXONTIR, S.L. nos termos sinalados no informe do técnico municipal.

5.B) A representante de PROMOCIONES Y CONTRATAS RÍA DE VIGO, S.L., SOLICITA licenza de primeira ocupación para vivenda unifamiliar arrimada situada no barrio de Couso, Meira, parcela 2, pertencente á licenza de obra expte. nº 09/07, concedida pola XGL en sesión de data 25.06.2007.

Considerando que a dito escrito únese a documentación esixible para o trámite de licenza de primeira ocupación, e informe do arquitecto técnico municipal de data 28 de outubro de 2010 que di:

ASUNTO: SOLICITUDE DE LICENZA DE PRIMEIRA OCUPACIÓN

INFORME: **Procede informar favorablemente a solicitude de Licenza de primeira ocupación.**

A solicitude obxecto deste informe presenta a seguinte documentación:

- Copias dos recibos da taxa de licenza urbanística e liquidación provisional do imposto de construción, xustificantes do pago das taxas polos conceptos de Conexión ós sumidoiros.
- Certificado final de obra, conforme a obra foi rematada segundo o proxecto aprobado e a documentación técnica que o desenvolve, asinado polo arquitecto técnico D. Jose Buceta Amoedo, o día 1 de setembro de 2010, e visado polo Colexio Oficial de Arquitectos Técnicos de Pontevedra o día 16 de setembro de 2010; asinado polo arquitecto D. Gumersindo Vázquez Gómez o día 01 de setembro de 2010, e visado polo Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia o día 20 de setembro de 2010.
- Fotografía e planos do estado final da obra rematada e acordos coa licenza adxudicada.
- Copia de declaración simplificada de alteración de bens inmuebles de natureza urbana. Modelo 902-N.

Liquidación provisoria de tributos

Licenza primeira ocupación 130,00 €

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade das persoas asistentes, acorda conceder a licenza de primeira ocupación para vivenda unifamiliar arrimada da parcela 2 do lugar de Couso, Meira, dimanante da licenza en Expte. nº 09/2007, á súa promotora

PROMOCIONES Y CONTRATA RÍA DE VIGO, S.L., nos termos sinalados no informe do técnico municipal.

5.C) Os representantes de IMPROMOIA PROMOCIONES, S.L. solicitan licenza de primeira ocupación para tres vivendas unifamiliares arrimadas situada na Pandiña - Tirán, pertencentes á licenza de obra expte. nº 150/06, concedida pola XGL en sesión de data 06.11.2007.

Considerando que a dito escrito únese a documentación esixible para o trámite de licenza de primeira ocupación, e visto o informe do arquitecto técnico municipal de data 29 de outubro de 2010 que di:

ASUNTO: SOLICITUDE DE LICENZA DE PRIMEIRA OCUPACIÓN

INFORME: **Procede informar favorablemente a solicitude de Licenza de primeira ocupación.**

A solicitude obxecto deste informe presenta a seguinte documentación:

- Copias dos recibos da taxa de licenza urbanística e liquidación provisional do imposto de construción, xustificantes do pago das taxas polos conceptos de Conexión ós sumidoiros.
- Certificado final de obra, conforme a obra foi rematada segundo o proxecto aprobado e a documentación técnica que o desenvolve, asinado polo arquitecto técnico D. Humberto Guimeráns Gallego, o día 10 de decembro de 2009, e visado polo Colexio Oficial de Arquitectos Técnicos de Pontevedra o día 20 de xaneiro de 2010; asinado polo arquitecto D. José Díaz de la Iglesia o día 10 de decembro de 2009, e visado polo Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia o día 5 de marzo de 2010.
- Fotografía e planos do estado final da obra rematada e acordos coa licenza adxudicada.
- Copia de declaración simplificada de alteración de bens inmobles de natureza urbana. Modelo 902-N.

Liquidación provisoria de tributos

Licenza primeira ocupación (3) vivendas arrimadas 390,00 €

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade das persoas asistentes, acorda conceder as licenzas de primeira ocupación para tres vivendas unifamiliares arrimadas situadas na Pandiña-Tirán, dimanantes da licenza en Expte. nº 150/2006, á súa promotora IMPROMOIA PROMOCIONES, S.L. nos termos sinalados no informe do técnico municipal.

6.- LICENZAS DE APERTURA

EXPTE. 13/10 – D^a ROSA SAMPEDRO CHAPELA solicitou licenza de apertura para establecer un restaurante en Couso 45, baixo, Meira.

Visto o informe do 28 de outubro de 2010 do aparelador municipal que textualmente di:

ASUNTO: RESTAURANTE

INFORME:

Sometido o expediente a información pública atendendo o disposto no Artigo 36, a)-5, do Regulamento xeral de policía de espectáculos e actividades recreativas, de 24 de agosto de 1982, unha vez determinada a compatibilidade de usos coas NN. SS. de Planeamento Municipal.

O aforo do local definido no proxecto ascende a unha ocupación de 76 persoas.

A resultas da aplicación do Decreto 292/2004, do 18 de novembro; polo que se aproba o Catálogo de espectáculos públicos e actividades recreativas da Comunidade autónoma de Galicia, queda identificada a actividade de restaurante polo presente decreto polo epígrafe 2.7.1.

Debe remitirse o presente expediente a Delegación territorial da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, por se estima necesario, e a teor do disposto no artigo 38 do Regulamento xeral, comunicar os condicionados procedentes.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade das persoas asistentes, acorda que, de acordo co informe do técnico, se remita o expediente á Delegación territorial da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza para os oportunos condicionados se o estimase necesario.

7.- INTERESES PROCEDIMIENTO ABREVIADO 373/2009 LO

Dase conta do escrito do Contencioso Administrativo nº 1 de Pontevedra, trasladando resolución para o abono de intereses do procedemento 373/2009 LO por importe de 50,70 uros a nome de TRINIDAD NOGUEIRA SANTOME.

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos membros asistentes, acorda aprobar o gasto e declarar de aboamento a TRINIDAD NOGUEIRA SANTOME, a cantidade de 50,70 euros correspondente os intereses dunha reclamación patrimonial – procedemento xudicial abreviado 373/2009 LO, con cargo a partida 9200-35200

8.- ANULACIÓN DE ACORDO DE AUTORIZACIÓN E COMPROMISO DE GASTO

Vista a proposta de Intervención do 2 de novembro de 2010, que di:

Na xunta de goberno local de data 10 de maio de 2010, aprobouse uha proposta de gasto, autorizando e comprometendo gasto para o departamento de educación e colexios, en concepto de arranxo do sistema de alarma do colexio de Domaio, a favor da empresa Alarmas Pontevedra, s.l. por impore de 383,32 euros.

O importe acordado foi como consecuencia do orzamento presentado pola citada empresa en data 09 de marzo de 2010, aplicando o 16% de ive.

A factura correspondente a este subministro foi emitido en data 02 de xullo de 2010, segundo o albarán de reparación de data 01 de xullo de 2010, por importe de 389,93 euros..

Esta diferenza entre o orzamento e a factura está xustificada pola modificación do tipo impositivo do ive, pasando do 16 ao 18%, con entrada en vigor o día 1 de xullo de 2010, como consecuencia, Propoño:

A anulación do acordo da xunta de goberno local de data 10 de maio de 2010, polo que se autoriza e compromete o gasto a favor de Alarmas Pontevedra, s.l., por importe de 383,32 euros, e ao mesmo tempo que se acorde novo compromiso de gasto a favor da mesma entidade por importe de 389,93 euros, polos motivos expostos, e con cargo á partida orzamentaria 3210 21200.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade das persoas asistentes, acorda aprobar a proposta nos seus xustos termos.

9.- CERTIFICACION DE OBRA “INSTALACION DE CÉSPED ARTIFICIAL E REFORMA DE INSTALACIÓNS EN CAMPO DE FUTBOL EN DOMAIO”

Dáse conta da certificación nº 4 da obra “INSTALACIÓN DE CÉSPED ARTIFICIAL Y REFORMA DE INSTALACIONES EN CAMPO DE FUTBOL EN DOMAIO” presentada pola Empresa Construcciones en Piedra SIGRAS, S.L. asinada polo técnico director Jose Luis Dominguez Gonzalez así como da factura número 192 de data 04/10/10, por importe de 65.846,88, IVE incluído

Informa o Interventor Municipal, en data 29 de outubro de 2010, que non consta a documentación esixida pola cláusula 30.5 do prego xustificativa da subcontratación, debendo incorporarse o expediente informe do técnico neste sentido así como problemas derivados da inclusión de partidas de obra con prezos unitarios que non figuran no proxecto ou con denominación distinta.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos membros asistentes, acorda:

Primeiro: Levantar o reparo emitido polo Interventor Municipal requirindo informe técnico do Director de Obras sobre a subcontratación e por entender que os desaxustes nos prezos unitarios son de carácter menor e non obstan para a aprobación pertinente da certificación

Segundo: Aprobar a certificación nº 4 de data 01/10/10, por importe de 65.846,88 euros da obra “Instalación de césped artificial y reforma de instalaciones en campo de futbol de Domaio”.

Terceiro: Aprobar a correspondente factura nº 192 a nome da empresa adxudicataria, Empresa Construcciones en Piedra SIGRAS, S.L., polo mesmo importe de 65.846,88 euros, recoñecendo a obriga con cargo a partida 3420.63201.

10.- RELACIÓN DE FACTURAS

Vista a proposta do Concelleiro delegado de Facenda de data 26 de outubro de 2010 que textualmente di:

Vistas facturas presentadas polas entidades relacionadas, relación composta polo listado de rexistro de facturas número 195 e o anexo --- da presente proposta, xustificativas do gasto, é que ascende á cantidade acumulada de: 71.189,73 €.

Visto que todas as facturas están conformadas polos responsables de cada un dos servizos,

Vista a existencia de crédito suficiente e adecuado nas partidas do orzamento prorrogado do Concello de Moaña para o ano 2010,

Tendo en conta o cumprimento do disposto no artigo 59 do Real decreto 500/1990 de 20 de abril e nas bases de execución do Concello de Moaña, para o ano 2010, sobre a acreditación da prestación,

Visto o disposto no artigo 21.1.ñ) da Lei 7/1985, de 2 de abril, de bases de réxime local, no artigo 185,2 do Real decreto legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, no artigo 60.2 do Real decreto 500/1990, de 20 de abril, e nas bases de execución do Concello de Moaña para o ano 2010 nos que se determina o órgano competente para o recoñecemento da obriga,

O Concelleiro de Facenda, PROPÓN á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte ACORDO:

Primeiro.- Aprobar a relación de facturas indicada, e presentadas polas entidades que de seguido se relacionan, por importe acumulado de: 71.189,73 euros,

ANEXO I			
Factura	Provedor	Partida	Importe
106/10	DIFUX ARTES GRAFICAS COMUNICACION, S.L.	4320 22602	2.478,00
257/10	E.BERMUDEZ E HIJOS, S.L.	2310 22617	660,00
41-2010	JALDA VAZQUEZ, Jesús	3340 22610	826,00
1008	CASTELLANO, Ana	2310 22620	590,00
42-2010	JALDA VAZQUEZ, Jesús	3340 22610	826,00
087/2010	PRODUCCIONS TEATRAIS EXCENTRICAS, S.L.	3340 22610	2.071,09
I/95	EMPRESA MONFORTE, S.A.	1320 20400	962,30
10-226	PL 4 SEÑALIZACIONES, S.L. (PLASEMA)	1320 62900	2.079,09
43/10	PRETO DE TI, S.L.	2310 22703	3.273,72
42/10	PRETO DE TI, S.L.	2310 22703	9.365,36
29/10	NOVOCONTORNO, S.L.	1720 22706	338,69
600193	SOCIEDAD ESTATAL CORREOS Y TELEGRAFOS	9200 22201	800,10
600195	SOCIEDAD ESTATAL CORREOS Y TELEGRAFOS	9200 22221	558,92
37410	GENERAL ELEVADORES XXI, S.L.	3210 21301	112,10
37431	GENERAL ELEVADORES XXI, S.L.	9200 21301	112,10
37430	GENERAL ELEVADORES XXI, S.L.	3320 21301	112,10
10012	URBASER, S.A.	1630 22700	19.543,56
		Total anexo I	44.709,13

ANEXO II			
Factura	Provedor	Partida	Importe
FM00017	ALVAREZ COSTA, Maria Escarlata	4320 22623	610,01
8	VERDE VIEIRA, José Antonio	4320 22623	1.000,08
947/10	SANCHILAN, S.L.	1340 22103	15,00
100007	ELECTROAUTO CANGAS, S.L.	1550 62400	6.018,00
4301	FARO DE VIGO, S.A.	9200 22001	123,90
7/2010	BANDA DE MUSICA AIRIÑOS DO MORRAZO	3250 22609	1.084,56
2675	GASOLEOS DO LEREZ, S.L.	3420 22103	487,34
0019-10	HUMAN SOFT, S.L.	4320 22623	1.526,97
31/10	RIO DA RIBEIRA MACBIL, S.L.	3410 22601	94,40
45164	WOLTERS KLUWER ESPAÑA, S.A.	9200 22001	2.035,59
C10/210	ALARMAS PONTEVEDRA, S.L.	3210 21200	60,32
14	DUYOS JORDAN, Lázaro	3320 22609	146,00
500137	MACEY NOGUEIRA, Ricardo	3420 22199	295,00
119-805	X QUATRO ESPECTACULOS, S.L.	4320 22623	135,00
A/615	ROMERO SOLIÑO, S.L.	1550 22199	978,59
99/2010	SANTA CECILIA ESCUDERO, Ana	9200 22624	331,85
96/2010	SANTA CECILIA ESCUDERO, Ana	9200 22624	221,32
192	JAVASAN BOIRO, S.L.	1550 21000	152,81

630905	TELEFONICA MOVILES DE ESPAÑA, S.A.	VARIAS	68,44
210819	TELGA COMUNICACIONES, S.L.	1320 20800	90,81
157/10	CYBERNOVA MOAÑA, S.L.	9200 21600	351,87
156/10	CYBERNOVA MOAÑA, S.L.	9200 21600	46,00
111/10	RUA RUA, F. David	1510 22114	110,16
112/10	RUA RUA, F. David	1510 22114	110,16
113/10	RUA RUA, F. David	1510 22114	55,08
114/10	RUA RUA, F. David	1510 22114	55,08
115/10	RUA RUA, F. David	1510 22114	275,41
116/10	RUA RUA, F. David	4310 22199	29,50
1559/10	SANCHILAN, S.L.	1550 22103	30,60
9261	GASOLEOS DEL MORRAZO SANCHILAN, S.L.	1340 22103	395,89
9262	GASOLEOS DEL MORRAZO SANCHILAN, S.L.	1320 22103	438,39
9265	GASOLEOS DEL MORRAZO SANCHILAN, S.L.	1340 22103	205,35
103/2010	SANTA CECILIA ESCUDERO, Ana	9200 22624	1.062,00
8	FERREIRO GONZALEZ, Francisco	1550 21000	2.065,00
00657	CARRO PAREDES, Fco. Javier	3420 22103	339,00
8777	PAZ DISMAC, S.L.	9200 22000	173,25
753	MONTES COSTAL, Maria Luz	3210 22110	472,86
757	MONTES COSTAL, Maria Luz	2310 22110	165,65
758	MONTES COSTAL, Maria Luz	4310 22110	92,90
759	MONTES COSTAL, Maria Luz	3210 22110	409,87
760	MONTES COSTAL, Maria Luz	3420 22110	65,54
761	MONTES COSTAL, Maria Luz	3210 22110	441,10
762	MONTES COSTAL, Maria Luz	3210 22110	331,99
763	MONTES COSTAL, Maria Luz	9200 22110	182,60
764	MONTES COSTAL, Maria Luz	3210 22110	301,88
765	MONTES COSTAL, Maria Luz	3340 22110	99,52
766	MONTES COSTAL, Maria Luz	3120 22110	12,00
768	MONTES COSTAL, Maria Luz	3320 22110	44,34
769	MONTES COSTAL, Maria Luz	2310 22110	105,94
770	MONTES COSTAL, Maria Luz	1640 22110	30,80
771	MONTES COSTAL, Maria Luz	3210 22110	88,31
772	MONTES COSTAL, Maria Luz	3210 22110	202,77
773	MONTES COSTAL, Maria Luz	3340 22110	240,93
774	MONTES COSTAL, Maria Luz	3210 22110	205,98
775	MONTES COSTAL, Maria Luz	3210 22110	289,44
776	MONTES COSTAL, Maria Luz	3420 22110	89,42
777	MONTES COSTAL, Maria Luz	3210 22110	214,51
7778	MONTES COSTAL, Maria Luz	3340 22110	114,67
779	MONTES COSTAL, Maria Luz	3210 22110	250,47
780	MONTES COSTAL, Maria Luz	3340 22110	67,11
781	MONTES COSTAL, Maria Luz	9200 22110	18,27
1835330	R CABLE Y TELECOMUNIC. GALICIA, S.A.	2310 22200	85,80
A452	OBRAS Y SERVICIOS FERNANDEZ, S.L.	1550 22300	637,20

			Total anexo II	26.480,60
ANEXO III				
Factura	Proveedor	Partida	Importe	
			Total anexo III	,00
			TOTAL RELACION	71.189,73
				€

Segundo.- Recoñecer as obrigas por importe acumulado de 71.189,73 euros a favor das entidades sinaladas e con cargo ás partidas indicadas, de acordo co orzamento prorrogado do Concello de Moaña.

Terceiro.- Notificar o presente acordo ao departamento de Intervención do Concello de Moaña, aos efectos oportunos.

Visto o informe do interventor municipal de data 2 de novembro de 2010 no que emite reparo ao recoñecemento de gastos facturados por R CABLE Y TELECOMUNICACIÓN DE GALICIA, MONTES COSTAL, MARÍA LUZ e CYBERNOVA, S.L., orixinados por clubs de xubilados alleos ao Concello e ao recoñecemento de gastos facturados por ELECTROAUTO CANGAS, S.L por non cumprir o procedemento a seguir no arti 23.3 da LCSP,

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade das persoas asistentes, acorda

Primeiro: levantar o reparo do interventor municipal por entender que a acumulación de gastos en contratos menores responden a necesidades puntuais, non continuas, e para proxectos concretos; por entender estes gastos imputables ao Concello xa que os locais onde están eses clubs son de titularidade municipal e para evitar o enriquecemento inxusto da Administración.

Segundo: Aprobar a proposta nos seus xustos termos.

11.- XUSTIFICACIÓN FINAL DOS PROGRAMAS DE COOPERACIÓN LOCAL 2010. SALVAMENTO EN PRAIAS.

Visto o informe da técnica de emprego do 29 de outubro de 2010, que di:

O pasado 29 de setembro rematou a execución do servizo “Salvamento en Praias” subvencionado pola Consellería de Traballo e Benestar dentro dos programas de cooperación local 2010 do Concello de Moaña. Neste servizo estiveron contratados, durante tres meses, tres socorristas e tres patróns de embarcacións.

Unha vez rematado o servizo, existe un prazo de dous meses para realizar a xustificación final do mesmo, presentando unha certificación de ingresos e gastos e unha memoria dos traballos realizados, acompañadas de copias compulsadas das nóminas aboadas aos traballadores, boletíns de cotización á seguridade social, resumo das retencións practicadas en concepto de IRPF e certificacións ou extractos bancarios de cada un destes conceptos, de acordo co recollido no punto

terceiro da resolución de concesión de subvención de data 16 de xuño de 2010. O prazo para enviar a xustificación final á consellería remata por tanto o 29 de novembro.

Unha vez realizada a xustificación- liquidación deste programa quedaría como segue:

Salvamento en Praias.

SUBVENCIÓN PERCIBIDA SALARIOS + SEG. SOCIAL	CUSTOS EFECTUADOS SALARIOS + SEG. SOCIAL	DIFERENZA	CUSTOS NON SUBVENCIÓNABLES (Indem. cese)	TOTAL CUSTOS PROXECTO
20.093,76	25.347,39	-5.253,63	426,06	25.773,45

Acompáñase a este informe unha desagregación pormenorizada dos gastos realizados.

Como vemos, a subvención percibida é bastante inferior ao gasto realizado en salarios e seguros sociais, nunha cantidade que ascende a 5.288,32 euros. Esta diferenza obedece a que o Concello decidiu no momento da contratación incrementar o salario a percibir por estes traballadores respecto ao que lles correspondería en base á subvención outorgada pola Consellería de Traballo, de forma que percibisen o mesmo salario que os socorristas e patróns que xa estaban contratados con anterioridade polo Concello.

Por outro lado, este servizo tivo un custo a maiores para o Concello de 426,06 euros, o custo da indemnización por cese, concepto de pago obrigatorio que non é subvencionable, debendo o seu custo ser asumido polo Concello.

O Concello debe enviar á Consellería de Traballo e Benestar unha xustificación final reflectindo estes datos, tendo de prazo como xa mencionamos ata o día 29 de novembro.

Vista a proposta da Alcaldía do 29 de outubro de 2010, que di:

Rematada o pasado 29 de setembro de 2010 a execución do servizo “Salvamento en Praias” subvencionado dentro dos programas de cooperación local 2010 do Concello de Moaña, e á vista do informe emitido pola axente de emprego, do contido na resolución de concesión de subvención e do contido na Orde do 19 de febreiro de 2010 da Consellería de Traballo, reguladora dos Programas de Cooperación para o ano 2010, faise necesario aprobar a xustificación-liquidación do citado servizo para enviar xustificación final do mesmo á Consellería de Traballo e Benestar.

Polo anterior

PROPOÑO:

1º) Aprobar a xustificación- liquidación do servizo “Salvamento en Praias” subvencionado dentro dos programas de cooperación local 2010 do Concello de Moaña, de acordo cos seguintes datos:

Salvamento en Praias.

SUBVENCIÓN PERCIBIDA SALARIOS + SEG. SOCIAL	CUSTOS EFECTUADOS SALARIOS + SEG. SOCIAL	DIFERENZA	CUSTOS NON SUBVENCIÓNABLES (Indem. cese)	TOTAL CUSTOS PROXECTO
20.093,76	25.347,39	-5.253,63	426,06	25.773,45

2º) Acordar que se remita á Consellería de Traballo e Benestar unha xustificación final reflectindo estes datos, tendo como data límite o 29 de novembro de 2010.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade das persoas asistentes, acorda aprobar a proposta nos seus xustos termos.

12.- SOLICITUDE DE ANTICIPO REINTEGRABLE

D. Balbino Pena Costa, funcionario do Concello, solicita un anticipo reintegrable de 2.500 €, segundo acordo regulador do Concello.. Ademais achega un documento polo que, no caso de que llo concedan e de que se extinguiase a súa relación co Concello, autoriza a que lle deduzan os haberes pendentes da liquidación.

Visto o informe do Departamento de Persoal no que recolle que o funcionario non ten ningún anticipo reintegrable concedido nin pendente de pago,

Visto o acordo regulador das condicións de traballo, salario e regulamento de réxime interno e funcionamento do persoal funcionario ao servizo do Concello de Moaña, que limita as cantidades a conceder como anticipos reintegrables ata unha ou dúas mensualidades, a devolver en 10 meses no primeiro caso e de 14 no segundo.

Visto que o comité de persoal dá o seu visto e praxe á solicitude,

Visto o informe do interventor do 2 de novembro de 2010 no que indica que a cantidade solicitada é superior ao acordo marco regulador xa que a este lle é de aplicación o disposto no artigo 47 da Lei 33/1987 que di *as referencias contidas na normativa vixente relativas a haberes liquidados para o cálculo dos anticipos reintegrables a funcionarios entenderanse sempre feitas ás retribucións básicas líquidas que perciban*. polo que, unha vez aplicados os descontos, a contía total do anticipo sería de 1.846,74 euros. Conclúe o informe que a cantidade a conceder sería de 1.846,74 euros, a devolver en 14 mensualidades con cargo á partida 9200 83090,

Vista a proposta do delegado de persoal para a aprobación do concesión do anticipo solicitado,

A Xunta de Goberno, por unanimidade das persoas asistentes, acorda conceder a D. Balbino Pena Costa un anticipo de 1.846,74 euros, reintegrables en 14 mensualidades, con cargo á partida 9200 83090.

13.- REXISTRO DE ANIMAIS POTENCIALMENTE PERIGOSOS

13.A) INSCRICIÓN:

D. VICTOR SOTELO GAYO solicita licenza para a tenza para acompañamento, dun can de raza STANFFORSHIRE, raza considerada como perigosa, cuxo nome é BREGO.

Visto que o solicitante achega toda a documentación requirida, segundo se recolle no informe de Secretaría do 27 de outubro de 2010,

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade das persoas asistentes, acorda conceder a licenza solicitada para a tenza das cadelas de raza considerada como perigosa, a súa inscrición no rexistro municipal e que se traslade o acordo ao Rexistro Galego de Animais Potencialmente Perigosos.

13.B) RENOVACIÓNS DE LICENZAS

Vista a solicitude de transferencia ao seu nome da licenza para a tenza de can de raza considerada como perigosa nº 13/04, e súa renovación por ter transcorridos xa cinco anos desde o seu outorgamento, e dado que se achega toda a documentación requirida segundo se recolle no informe de Secretaría de data 27 de outubro de 2010,

Visto o escrito do 3 de agosto de D.^a Rosario Ferverza Otero, no que indica que a cadela xa non é da súa propiedade senón de D. Juan Pablo Barrio Lorenzo,

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade das persoas asistentes, acorda:
Primeiro: transferir a nome de D. Juan Pablo Barrio Lorenzo a licenza que se concedera a D.^a Rosario Ferverza Otero para a tenza da cadela AIXA, de raza Pit Bull.

Segundo: renovar a licenza 13/04, para a tenza de AIXA, por transcorreren cinco anos dende o seu outorgamento e que se traslade o acordo ao Rexistro Galego de Animais Potencialmente Perigosos.

14.- APROBACIÓN DO EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DA OBRA: “CENTRALIZACIÓN, XESTIÓN E REDUCCIÓN DO GASTO ENERXÉTICO NA ILUMINACIÓN PÚBLICA DA ZONA VERDEAL-INTERIOR ALDEA-DOMAIO”

Examinado o expediente para a contratación por procedemento negociado sen publicidade, tramitación urxente, iniciado por providencia da Alcaldía de data 8 de marzo de 2010 da obra: “Centralización, xestión e redución do gasto enerxético na iluminación pública da zona Verdeal-Interior Aldea-Domaio” proxecto redactado polo redactado polo Enxeñeiro Técnico Industrial D. Luis Esteban Rey e que conta cun importe de execución por contrata de CEN MIL EUROS (100.000,00 euros). (84.745,76 euros + 15.254,24 euros de IVE) e aprobado por acordo da Xunta de Goberno de data 25 de outubro de 2010 e cun orzamento de execución por contrata que ascende a CEN MIL EUROS (100.000,00 euros). (84.745,76 euros + 15.254,24 euros de IVE).

Visto o Prego de cláusulas administrativas particulares que haberán de rexer para a contratación por procedemento negociado sen publicidade da obra e visto, tamén, o cadro de características do Contrato.

Visto o informe da Secretaría e entendendo que se trata de un contrato de obras atendendo ás características do contrato.

A Xunta de Goberno por unanimidade ACORDA:

PRIMEIRO.- Aprobalo expediente de contratación para a adxudicación da obra “Centralización, xestión e redución do gasto enerxético na iluminación pública da zona Verdeal-Interior Aldea-Domaio”, mediante procedemento negociado sen publicidade, ratificando a tramitación urxente, atendendo aos prazos previstos para a adxudicación do contrato na orde reguladora da subvención, conforme ao proxecto redactado polo Enxeñeiro Técnico Industrial D. Luis Esteban Rey e que conta cun importe de execución por contrata de CEN MIL EUROS (100.000,00 euros). (84.745,76 euros + 15.254,24 euros de IVE) e aprobado por acordo da Xunta de Goberno de data 25 de outubro de 2010 e cun orzamento de execución por contrata que ascende a CEN MIL EUROS (100.000,00 euros). (84.745,76 euros + 15.254,24 euros de IVE).

SEGUNDO.- Aprobar os Pregos de Cláusulas Administrativas Particulares que haberan de rexe-la contratación de obras, mediante procedemento negociado sen publicidade.

TERCEIRO.- Remitir as invitacións para participar na licitación, ás seguintes tres empresas capacitadas para realizar o obxecto do contrato:

CONSTRUCCIONES LEMOS MARTINEZ S.L.

CORUÑESA DE AHORRO ENERGÉTICO S.L.U.

ELECTRICIDAD C.S., sc

CUARTO.- Autoriza-lo gasto por importe de 100.000,00 euros con cargo á partida 1650.61104 do orzamento municipal do ano 2010.

QUINTO.- Dispoñe-la apertura do procedemento de adxudicación.

SEXTO.- Nomear ao Concelleiro de Servizos, D. Víctor Manuel Pastoriza Lino responsable do contrato.

15.- VADOS

Vista a proposta da concelleira de mobilidade do 20 de outubro de 2010, na que indica que D. Salvador Carrión Rubio, con domicilio en Tirán, 35, é titular dun sinal de pasaxe permanente co nº 185, aprobado o día 27 de marzo de 2000, pero que non está dado de alta no padrón de vados, polo que propón que se lle dea de alta no padrón e que se lle pasen ao cobro os recibos pendentes.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade das persoas asistentes, a aprobar a alta no padrón e que se remita o acordo ao ORAL.

16.- TRÁFICO

Vista a solicitude dos establecementos Bar Eladio e Supermercados Nogueira, S.L., emprazados na rúa da baixada ao Cocho, no que solicitan a instalación dunha zona reservada de carga e descarga que dea servizo aos dous establecementos, e solicitan que a habiliten na zona fronte ao supermercado en horario de 10 a 14 e de 18 a 21 horas.

Visto o informe do xefe da Policía local do 20 de setembro de 2010, que indica que se podería autorizar a concesión dunha zona de carga e descarga duns 6 metros de largo no carril de estacionamento dende a esquina do supermercado ata a porta de entrada; e que o horario de utilización desa zona sería de 10 a 13 horas e de 18 a 21 horas. Indica

tamén que o supermercado vai acondicionar un lateral do edificio para descargar as mercancías por unha porta lateral.

A concelleira de tráfico propón que se autorice o sinal co mesmo horario que as que están por todo o Concello.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade das persoas asistentes, acorda aprobar a zona de carga e descarga no lugar indicado no informe do xefe da Policía local, en horario de 8,30 a 1,00 e de 4 a 6.

17.- SERVIZO DE AUGAS AQUALIA: CONEXIÓNS AUGAS E SANEAMENTO
 Á vista das solicitudes presentadas, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade das persoas asistentes, acorda aprobar as seguintes conexións:

	Servizo	Lugar	Taxas €	Informe favorable
JOSE LUIS PEREZ ARRIBAS	Saneamento, uso doméstico	Vilela, 46 B	Taxas saneamento..... 180 €	Aqualia Arquitecto técnico
MARCELA PEREZ FERNANDEZ	Saneamento, uso doméstico	Vilela, 46 C	Taxas saneamento..... 180 €	Aqualia Arquitecto técnico
LATIFA ZINATI ABDELOUARETH	Saneamento, uso doméstico	Marrúa, 14 B	Taxas saneamento..... 180 €	Aqualia
JACOBO GARCIA RODRIGUEZ	Auga, uso doméstico	Baixada á Borna, 318 C	Taxas conexión 60,00 € Fianza.....20,00 €	Aqualia
IAGO ASPAS JUNCAL	Auga, uso doméstico	Pura P. Prado, 3 – 3º D	Taxas conexión 60,00 € Fianza.....20,00 €	Aqualia
CARMEN ACUÑA RUA	Saneamento, uso doméstico	Reibón, Costa, 161	Presenta recibo de Excavaciones y Sondeos Gabriel Piñeiro, S.L., do ano 1989, pola conexión á rede de saneamento	Aqualia

Sen máis asuntos que tratar, a Presidencia dá por rematada a sesión, ás 19:40 horas do día fixado no encabezamento, de todo o que, como secretario, DOU FE.